

## Paseos literarios por Vigo e A Coruña. Sábado, 16 de maio

XG

XG Jueves, 14 Mayo, 2015 - 03:10

Xornal de Galicia

**O paseo polo Vigo Literario comezará ás 11.30 da man da escritora María Reimóndez**

**Xurxo Souto guiará o paseo de Ulyses Fingal na cidade herculina**

O vindeiro sábado, case simultaneamente, terán lugar dous novos Paseos literarios, unha iniciativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) que conta coa colaboración e patrocinio da Concellaría de Normalización Ligüística do Concello de Vigo e mais da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña.

Ás 11.30, con saída na Praza de Independencia - Parada de taxis de Álvaro Cunqueiro, arricará o segundo paseo literario dos tres previstos en Vigo, guiado pola escritora María Reimóndez e Gaia, a protagonista da novela En vías de extinción, que, fronte ao desenraizamento, escolleu transplantarse, botar raíces aéreas e traer a montaña ao mar e percorrer diferentes espazos asentándose xa de forma definitiva na cidade ampla que acolle, de brazos abertos, o indomito e biodiverso. Vigo é tamén o espazo de intersección entre o ficcional e o vital para María Reimóndez quen neste percorrido nos levará polos espazos desta obra e compartirá tamén en exclusiva fragmentos da súa próxima novela A música dos seres vivos. (Prégase traer calzado cómodo. Cans benvidos).

Será ás 12.00 cando Xurxo Souto remate o primeiro lote dos paseos pola Coruña literaria coa ruta de Ulyses Fingal polas pedras percebeiras da Torre de Hércules. Con saída da praia de santo Amaro, descubriremos que tanto para a tradición greco-latina como para as vellas lendas atlánticas, A Coruña é unha fin do mundo –Torre de Hércules, Torre de Breogán-, porta do Mar Maior ou, o que é o mesmo, porta de todos os misterios. O pintor Urbano Lugrís condensou estas dúas tradicións no seu alcume literario: Ulyses Fingal (Ulises de Ítaca, e mais Fingal, o heroe dos versos escoceses do bardo Ossian) O Grelle, Macallás, Area de Concha, o Cabalo, as Longuiñas, a Rabaleira, Sogadoiro, Gueivouteiro... Veláis as pedras que rodean a Torre, conforme nos ensinou Emilio Mariñas, o sabio percebeiro. Nesta ruta –dende a praia de Santo Amaro até o vello faro- queremos coñecer cada unha destas rochas, e que a eufonía dos seus nomes sexa impulso evocador para nos reencontrar coas más grandes lendas do mar.

Para se inscribir no paseo por Vigo hai que enviar o nome completo e teléfono ao correo electrónico actividades.snl@vigo.org (indicando a cal ou cales paseos se quere ir). A asignación das 50 prazas de cada paseo farase por orde de chegada da solicitude. Toda a información aquí.

Para se inscribir no paseo pola Coruña literaria acudirase á conserxaría do Centro Ágora ou ben chamando ao 981 189 888.